

FOTODENUNCIA

1. Planificación

Paso 1: O obxectivo

- Observade unha situación relacionada co colectivo e o tema escollido polo grupo que vos pareza especialmente negativa e grave. Será unha realidade ben visible: unha ausencia relevante, un estrago (caso dun verquido contaminante, vexetación arrasada...), o estado de abandono ou perigoso dun espazo público, etc.

Escollemos facer a denuncia de:

- Facede varias fotos (como mínimo, dúas) de distintos elementos desa situación escollida ou con diferentes perspectivas. Poñede coidado en non captar rostros. Gardade as imaxes coa indicación do que conteñen: lugar concreto que se capta nelas e aspecto denunciante que recollen.

Realizaremos fotos de:

Paso 2: A investigación

- Pensade onde vos poderedes documentar para profundar nese aspecto, para obter máis información sobre o problema. Seguramente sexa unha das fontes orais xa empregadas, pero tamén se podería acudir a unha institución, a unha asociación ou a internet.
- Bosquexade as novas preguntas necesarias para saber cales son as causas da situación fotografada, as responsabilidades, as consecuencias e as posibles solucións. Anotade datos e ideas nun cadro como o seguinte.

Cuestións	Información e declaracións (apuntando a fonte)
Por que está así o que fotografamos e desde cando	
A quen ou a que se debe que se manteña nese estado	
Que prexuízos causa ou pode causar	
Como evitar esa situación; que solucións se propoñen	

Paso 3: Un borrador básico

- ➔ Adiantade un titular certo, orixinal e atraente, que recolla o tema que queredes denunciar.
- ➔ Ordenade a información e as declaracións recollidas das fontes. Diferenciade feitos de opinión. No caso de declaracións, anotade as palabras exactas e a autoría, para poder citar.
- ➔ Redactade xa a entrada da denuncia: os contidos obxectivos ou unha pequena declaración.
- ➔ Apuntade algúns aspectos do tema tratado (dous abundan) que poden dar lugar a apartados específicos no corpo, en relación coas responsabilidades, coas reaccións, con situacións particulares, con diferentes perspectivas e valoracións, etc.

Titular orixinal e suxectivo	
Ademais da información, dispoñemos destas declaracións de protagonistas ou expertos (anotamos ao lado o nome e a “calidade”: veciño/a do lugar, representante dunha asociación...). Estas análises ou opinións poden obterse preguntando ou tomarse da prensa ou internet.	
Parágrafo de entrada cos feitos obxectivos (circunstancias que, onde, cando, como) ou ben cunha declaración interesante (neste caso, citando a persoa)	
Dous aspectos relevantes para crear apartados específicos na reportaxe, escollidos entre as seguintes opcións, e titular de cada un	<input type="checkbox"/> as responsabilidades, <input type="checkbox"/> as reaccións, <input type="checkbox"/> unha situación particular, <input type="checkbox"/> diferentes perspectivas, <input type="checkbox"/> valoracións Titular 1: Titular 2:

2. Escrita

- Tede en conta que a fotodenuncia toma forma de pequena fotorreportaxe. Polo tanto, despois do titular e a entrada (que xa redactastes antes), achegaranse as imaxes, cun pé explicativo cada unha, e a continuación un pequeno corpo. O corpo, moito máis curto có dunha reportaxe estándar, terá un parágrafo de apertura, un ou dous de desenvolvemento e dous apartados mínimos.

<p style="text-align: center;">Titular</p> <p style="text-align: center;">Entrada (parágrafo breve)</p>
<p style="text-align: center;">[Imaxes (cada unha cun mínimo pé explicativo -debaixo dela- do que se ve)]</p> <p style="text-align: center;">[Poden ir aquí todas xuntas ou distribuírse polo corpo]</p>
<p style="text-align: center;">Corpo con</p> <ul style="list-style-type: none"> • Parágrafo de apertura • Parágrafos de desenvolvemento -1 ou 2- • Apartado 1, con título e un parágrafo • Apartado 2, con título e outro parágrafo

- Na apertura, centrade o tema e intentade que capte a atención (coa revelación de algo oculto, con algunha suposición intrigante, cunha anécdota...).
- No desenvolvemento do corpo recollede ordenadamente o resultado da investigación.
- Introduce as declaracións das que dispoñedes en distintos momentos, seguindo a fórmula: “(CITA)”, sinala / matiza / lembra / explica / indica / expón / asegura [o alcalde, por exemplo]. Ou: [o alcalde] afirma / sostén / revela / advirte / demanda / esixe / descóbrenos / aconsella que “(CITA)”.
- Incluíde tamén valoracións propias. Podedes manifestar a vosa postura con algún recurso lingüístico de modalización: afirmacións coas perífrases HABER QUE + INF. ou DEBER + INF. (*Hai que considerar..., Débese actuar...*), adxectivos como *impresentable*, *indignante*, *indecente...*, adverbios como *lamentablemente*, *tremendamente*, *afortunadamente...*
- Creade un par de apartados con títulos específicos dedicados a eses aspectos relevantes que decidistes no paso 3. Tras o título, un único parágrafo.
- Finalizade cun parágrafo de peche que conecte coa idea central: unha conclusión, unha proposta...
- Enfiade ben o texto, con conectores adecuados e oracións non longas. Revisade a expresión.